

---

# Manifest en defensa de la llengua gallega

## Concentració diumenge 17 de maig 12:00 h. La Rambla 35-37

---

Els gallecs i gallegues residents als Països Catalans volem manifestar el nostre suport a la marxa en defensa de la igualtat de drets per al galleg que es farà a Santiago de Compostela el 17 de maig a les 12h, i expresar el nostre desacord amb l'anunci del nou govern galleg del PP de desmantellar els punts bàsics de la oficialitat del galleg.

També denunciem que durant els últims mesos s'ha anat repentinament des de diversos grups de poder la fal·làcia que hi ha un procés d'imposició del galleg, cosa que presenta, cínicament, el món a l'inrevés.

Tots els estudis que hi ha fets sobre aquest tema desmuntuen aquesta mentida. El mateix Consell d'Europa va advertir en un informe contundent que a Galiza no es compleixen els tractats internacionals sobre drets lingüístics i que no hi ha garanties mínimes per a aquest idioma en sectors tan importants com l'ensenyament, els serveis públics, la justícia o els mitjans de comunicació.

Així mateix, la Real Academia Galega acaba de publicar un estudi que assenyala que en dotze anys s'ha reduït a la meitat el nombre de persones que fan servir el galleg com a llengua habitual.

Per tot això, instem els gallecs i gallegues residents als Països Catalans i al conjunt del poble català a manifestar-se el proper 17 de maig a les 12h al número 37-35 de les Rambles, davant del Centre Gallec de Barcelona.

### MANIFEST EN DEFENSA DE LA LLENGUA GALLEGA

**El poble gallec té el dret que la seva llengua pròpia sigui oficial a tots els efectes a Galiza. El poble gallec ha de gaudir en el seu territori del mateix estatus legal que el poble castellà té en el seu.**

La situació de la llengua gallega és molt lluny de ser així:

1. Els gallecs i gallegues no gaudim de drets lingüístics plens per a desenvolupar-nos amb normalitat i dignitat en la nostra llengua dins de la nostra terra. Som els parlants del gallleg els que estem discriminats.
2. El galleg és el que corre perill com a idioma i els parlants de galleg els que no estan degudament respectats. Vivim una gran injustícia segons la qual s'anomena bilingüisme a allò que és en realitat un procés de substitució lingüística. Una situació en què la nostra llengua pròpia queda relegada al folclore i a l'àmbit familiar.

Per això, resulta francament indignant que hi hagi qui pretengui convèncer la opinió pública que el castellà és en perill de desaparèixer i que al nostre país se'n discrimina els parlants. Qui promou aquesta estratègia pretén encobrir la veritable intenció que és socavar la llengua gallega per tal que gallecs i gallegues acabin menyspreant-la, i així imposar una llengua no pròpia de Galiza.

La situació de l'idioma galleg es veu constantment amenaçada per l'estigmatització a què són sotmesos els parlants de galleg. El procés actual de normalització d'usos del galleg és insuficient, i no pot garantir el dret a viure en aquesta llengua. Aquesta és justament la direcció proposada pels que pretenen la imposició del castellà com a únic idioma amb drets i deures per als ciutadans a tot el territori de l'Estat.

Per tot això diem que:

3. Correspon a les institucions representatives del poble gallec atorgar a l'idioma del prestigi que mereix com a llengua pròpia del país, i esperem el compromís en la defensa de la igualtat plena de drets i en l'aplicació de mesures a favor que se'n normalitzin els usos. Per a aquesta tasca sempre tindran el nostre suport.
4. Instem la societat gallega a rumiar sobre la veritable situació del galleg en el seu propi país, i a defensar un dret humà elemental com és la reafirmació com a poble.
5. Ens mantindrem fermament contra qualsevol posicionament que persegueixi retallar drets o fer retrocedir el petit camí fet per la normalització, tant dins de les administracions públiques com en la vida social.

---

# Manifesto en defensa da lingua galega

## Concentración domingo 17 de maio 12:00 h. La Rambla 35-37

---

Os galegos e galegas residentes nos Països Catalans queremos manifestar o noso apoio á marcha en defensa da igualdade de dereitos para o galego que terá lugar en Santiago de Compostela o 17 de maio ás 12h, e expresar o noso desacordo co anuncio do novo goberno do PP de desmantelar os puntos básicos da oficialidade do galego.

Á parte, tamén denunciamos que nos últimos meses, repetiuse desde diferentes grupos de poder a falaz idea de que hai un proceso de imposición do galego, presentando, con cinismo, o mundo ao revés.

Todos os estudos sobre o tema desmontan esa mentira. Así, o Consello de Europa advertiu nun contundente informe que en Galiza non se están a cumplir tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos e que non hai garantías mínimas para este idioma en sectores tan importantes como o ensino, os servizos públicos, a xustiza ou os medios de comunicación.

Así mesmo, a Real Academia Galega vén de publicar un estudio sinalando que en doce anos se reduciu á metade a cantidade de persoas que fala habitualmente o galego.

Por todo isto, instamos aos galegos e galegas residentes nos Països Catalans e ao conxunto de toda a sociedade catalá a se manifestar o vindeiro 17 de maio ás 12h nas Rambles nº35-37, diante do Centro Galego de Barcelona.

### MANIFESTO EN DEFENSA DA LINGUA GALEGA

**O pobo galego ten dereito a que a súa lingua propia sexa oficial a todos os efectos en Galiza. O pobo galego debe gozar no seu territorio do mesmo status legal que o castelán ten no seu.**

A situación da lingua galega está moi lonxe de ser así:

1. Os galegos e galegas non gozamos de dereitos lingüísticos plenos para nos desenvolver con normalidade e dignidade na nosa lingua dentro da nosa terra. Somos os falantes do galego os que resultamos discriminados.
2. O galego é o que corre perigo como idioma e os galegofalantes os que non son debidamente respectados. Vivimos unha grandeinxustiza na que se chama bilingüismo ao que en realidade é un proceso de substitución lingüística. Unha situación na que a nosa lingua propia queda relegada ao folclore e ao ámbito familiar.

Por iso, resulta realmente indignante que haxa quen pretenda convencer á opinión pública de que o castelán corre perigo de desaparición e que os seus falantes son discriminados no noso país. Quen promove esta estratexia pretende encubrir a verdadeira intención que é asoballar a lingua galega para que os galegos e galegas acaben menosprezándo-a, e así impor unha lingua non propia de Galiza.

A situación do idioma galego vese constantemente ameazada pola estigmatización á que son sometidos os galegofalantes. O proceso actual de normalización de usos do galego é insuficiente, e non pode garantir o dereito a vivir nesta lingua. Esta é xustamente a dirección proposta polos que pretendan a imposición do castelán como único idioma con dereitos e deberes para os cidadáns en todo o territorio do Estado.

Por todo isto manifestamos que:

3. Correspóndele ás institucións representativas do pobo galego outorgarlle ao idioma o prestixio que merece como lingua propia do país, e esperamos o seu compromiso na defensa da igualdade plena de dereitos e na aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos. Neste labor contarán sempre co noso apoio.
4. Instamos á sociedade galega a cavilar sobre a verdadeira situación do galego no propio país e a defender un dereito humano elemental como é a reafirmación como pobo.
5. Seremos firmes, rexitando todo posicionamento que persiga recortar dereitos ou retroceder no cativo camiño andado da normalización tanto nas administracións públicas, como na vida social.